

Este texto se ha publicado en *Encrucillada* 191 (2015) 3-4

O 28 de marzo de 1515 naceu, en Ávila, filla de Alonso Sánchez de Cepeda e Beatriz de Ahumada, unha nena que logo será mundialmente coñecida como Tereixa de Xesús. O 31 de xaneiro de 1915 naceu, en Prades (Francia), un rapaz de pai neocelandés e nai estadounidense chamado Thomas Merton. Neste ano 2015 cúmprense, xa que logo, cincocentos anos do nacemento da relixiosa castelá e cen do trapense estadounidense. Unha feliz coincidencia que Encrucillada aproveita para achegar aos seus lectores a riqueza inesgotable da espiritualidade cristiá e a fondura da teoloxía mística. Cousa que completamos tamén cun estudo verbo do *Meister Eckhart*.

Xosé Antón Miguélez Díaz adéntrase na figura de Tereixa de Xesús a través dunha análise da súa última obra: *Castillo interior*, máis coñecido como *Las moradas*. Diferenciando atinadamente entre o nuclear e o secundario en Tereixa o autor sinala que todo proceso de crecemento persoal é místico, xa que no camiño de facérmonos máis nós mesmos (o noso eu verdadeiro que supera ao noso simple eu) alenta a forza do amor de Deus. Tereixa é unha boa mostra disto no seu particular seguimento de Cristo. Non busca o autor deste estudo o distanciamento metodolóxico do traballo historiográfico, senón a inmersión converxente nunha aventura vital ante Deus da que tira importantes consecuencias para a vida espiritual de hoxe.

Ramón Cao estuda a figura de Thomas Merton (1915-1968). Todo consiste en adestrarse para ser quen de percibir a imperceptible presenza de Deus. Onde? Aquí. Cando? Agora. Merton foi un buscador incansable do Absoluto e a súa lectura axuda a afinar a mirada para que todo se volva transparente. Preste o lector atención a esas tres *peak experiences* que tan atinadamente comenta o profesor Cao. Vida cotiá e fondura insondable van aquí da man.

Almudena Otero Villena ocúpase de Eckhart de Hochheim, máis coñecido coma *Meister Eckhart*. Ofrécenos un estudo dos seus sermóns en alemán no que pretender amosar que a linguaxe de Eckhart nesas predicacións tan suxestivas non pretende ser propiamente representativa —ao xeito común da linguaxe ordinaria— senón que pretende transcender todo carácter referencial para converterse, de xeito sorprendente, nunha linguaxe catalizadora da experiencia que quere provocar. Esta experiencia é a da divinización, a da unión con Deus, a do nacemento do propio Deus en nós mesmos.

Francisco Díaz-Fierro Viqueira lembra a figura de Frei Rosendo Salvado agora que se acaba de conmemorar o bicentenario do seu nacemento (1814-2014). Este monxe bieito, misioneiro, bispo e abade fundou en Australia a diocese de Nova Nursia tendo ideas e iniciativas ben adiantadas á lóxica do seu tempo.

Publicamos tamén un traballo de Antonio Novo no que reflexiona sobre a economía galega á luz da Doutrina Social da Igrexa. É un traballo cheo de intuicións breves, pero luminosas que axudan a vivir e cuestionar a situación socioeconómica do noso país.

A xanela bíblica invítanos desta vez a detérmonos na poesía dos salmos. Manolo Regal, bo coñecedor desa tradición literaria da Biblia, mergúllanos na súa teoloxía non só amentándoa, senón tamén actualizándoa.

Paco Carballo, relixioso galego, finado hai pouco en Salamanca, é lembrado aquí a través da pluma autorizada de tres membros da familia de Encrucillada: Antón Gómez, Rubén Aramburu e Marisa Vidal. O pobo galego perde, coa morte de Carballo, a un dos seus máis constantes loitadores pola identidade de noso. Porén, a historia de Galicia gaña, co seu pasamento, un novo nome cuxo traballo está destinado a permanecer fecundando novas angueiras.

Nos cárceres hai persoas —os presos— que están alí contra a súa vontade. Pero hai outras que van aló porque queren. Xaquín Campo Freire é un destes últimos. Non deixe o lector de ler a súa conmovedora achega sobre a enfermidade dun dos presos aos que acompaña.

As roldas de política, cultura e Igrexa, xunto cun par de interesantes recensións, completan un número que, coma todos os anteriores, ven ilustrado da man de Soedade Pite.

Pedro Castelao